

**MARZO 2010**

## **LINGUA GALEGA**

### **Texto**

Por fin. Todo parece indicar que agora si. Esta mesma semana a ministra de Sanidade, Trinidad Jiménez, facendo gala dun necesario e saudable senso común, confirmou que en 2010, seguramente a partir do primeiro semestre, non se poderá fumar en ningún espazo público pechado. Quere isto dicir que o ritual de sentar na cafetería e bicar a cunca co cigarro na man ten as horas contadas. E quere isto dicir tamén que todos aqueles que non fumamos, que detestamos o tabaco, que nos incita ao vómito, poderemos, por vez primeira nas nosas vidas, entrar en calquera establecemento, pedir un café e non ser obrigados a beber fume.

Ou dito doutro modo, xa viña sendo hora de que o consumo de cigarros fose asumido como un acto individual, que só debe afectar a quen decida correr ese risco con todas as súas consecuencias.

Dicía a canción que fumar é un pracer xenial, sensual... pero deberíamos engadir, tamén mortal, por moita elegancia que exhiban algunhas estrelas do celuloide ao portar o cigarro entre os beizos. Si, en gran medida, fumamos por emulación. Que tería acontecido se Bogart non aparecese na pantalla grande coma un fumador empedernido? Que tería pasado se ollase a Ingrid Bergman cun Chupa Chups na boca, ao máis puro estilo Johan Cruyff?

(Natalia Alonso, *Xornal de Galicia*, 16.12.2009)

### **Cuestións:**

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras no texto: *saudable*, *risco*, *sensual*, *estrelas* (1 punto).
2. Escriba o tema do texto e a continuación faga un breve resumo (2 puntos).
3. Escriba tres cultismos e tres palabras patrimoniais que estean presentes no texto anterior (1 punto).
4. Identifique que tipo de construción verbal é *viña sendo* e explique o seu significado na frase do texto: *Ou dito doutro modo, xa viña sendo hora de que o consumo de cigarros fose asumido como un acto individual* (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).